

Metodoloxía de avaliación preliminar de resultados de I+D nos axentes do Sistema Galego de Innovación

ANEXO I
Formulario de caracterización comercial
da tecnoloxía

Anexo I Formulario de caracterización comercial da tecnoloxía

Para cumprimentar este formulario é recomendable ter instalado no seu equipo Acrobat Reader®
Pode descargalo gratis desde esta ligazón > [descargar Acrobat Reader®](#)

1. Título

2. Data

• Comezo: Indique o día que comece a incorporar información nesta ficha.

• Remate: Indique o día que remate de cubrir a ficha.

3. Área de coñecemento

- | | | |
|--|---|---|
| <input type="checkbox"/> Agricultura | <input type="checkbox"/> Ciencia e Tecnoloxía de Materiais | <input type="checkbox"/> Ciencias Sociais |
| <input type="checkbox"/> Enxeñaría Eléctrica, Electrónica e Automática | <input type="checkbox"/> Gandaría e Pesca | <input type="checkbox"/> Química |
| <input type="checkbox"/> Bioloxía Fundamental e de Sistemas | <input type="checkbox"/> Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos | <input type="checkbox"/> Dereito |
| <input type="checkbox"/> Enxeñaría Mecánica, Naval e Aeronáutica | <input type="checkbox"/> Historia da Arte | <input type="checkbox"/> Tecnoloxía Electrónica e das Comunicacións |
| <input type="checkbox"/> Bioloxía Vexetal, Animal e Ecoloxía | <input type="checkbox"/> Ciencias da Computación e Tecnoloxía Informática | <input type="checkbox"/> Economía |
| <input type="checkbox"/> Filoloxía e Filosofía | <input type="checkbox"/> Matemáticas | <input type="checkbox"/> Enxeñaría Civil e Arquitectura |
| <input type="checkbox"/> Biomedicina | <input type="checkbox"/> Ciencias da Educación | <input type="checkbox"/> Tecnoloxía Química |
| <input type="checkbox"/> Física e Ciencias do Espazo | <input type="checkbox"/> Medicina Clínica e Epidemioloxía | <input type="checkbox"/> Outros. Indique cal/es: |
| | <input type="checkbox"/> Ciencias da Terra | <input type="text"/> |
| | <input type="checkbox"/> Psicoloxía | |

4. Palabras clave

5. Responsable da avaliación

Persoa que realiza a avaliación: recompila a información, efectúa a avaliación e elabora o informe de conclusións e recomendacións.

Nome e apelidos

Teléfono/correo electrónico

6. Equipo investigador

Persoal investigador que participou no desenvolvemento da tecnoloxía. Da relación proporcionada, identificaranse cun «X» os interlocutores para o proceso de avaliación.

	Nome e apelidos	Posto	Grupo/área/departamento	Teléfono/correo electrónico
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

6.1 Base científico-tecnolóxica

6.1.1 Con relación á tecnoloxía que se está a avaliar

Publicacións máis destacables (ata cinco nos últimos tres anos) ou outros indicios de calidade (por exemplo, tipoloxía de proxectos que deron lugar á tecnoloxía).

6.1.2 Con relación á división/área do centro ou ao grupo de investigación

Información indicativa do nivel científico-tecnolóxico do departamento/área ou grupo no que se desenvolveu a tecnoloxía. Cales foron as principais publicacións no mesmo campo temático e mais os principais proxectos nos tres últimos anos? Hai algún fito destacable na historia recente do grupo/departamento?

6.2 Observacións sobre o equipo relativas ao proceso de valorización

Explicación sobre como está previsto traballar cara ao proceso de valorización.

Está organizado o equipo? Hai roles definidos? Está definido o liderado do proceso? Os integrantes do equipo involucrado na promoción comercial teñen experiencia previa en procesos de transferencia de tecnoloxía (proxectos con empresas, licenzas, spin-off)? Se non están identificados aínda os roles, hai interese por parte dalgún integrante por involucrarse no proceso?

7. Descrición da tecnoloxía

Descrición da tecnoloxía. En que consiste? Cal é o seu fundamento técnico?

Descrición do perfil do usuario da tecnoloxía.

Lista de empresas/entidades/expertos cos que se contactou para comercializar a tecnoloxía. Se non se fixo aínda ningún contacto, indicarse se están identificados e se se trata dun novo contacto ou se xa existe relación previa.

8. Aspectos innovadores

Explicación sobre o estado da arte da tecnoloxía.

Indicación das vantaxes competitivas da tecnoloxía proposta respecto das solucións existentes no mercado. Como se está a atender no mercado a problemática relativa á tecnoloxía? Que melloras/novidades incorpora a tecnoloxía con respecto ás existentes?

9. Orixe da tecnoloxía

Carteira de proxectos que deron lugar á tecnoloxía.

Recoméndase revisar o clausulado de explotación de resultados dos convenios e dos contratos. Esta información é relevante para garantir que o IP é propio ou para identificar con quen cómpre negociar.

RELACIÓN DE PROXECTOS

Título	Datas comezo e remate	Programa/financiamento	Socios/clientes	Actividades de difusión
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

10. Grao de desenvolvemento

Indicación do TRL e xustificación dos resultados acadados.

Cales foron os resultados acadados? Que actividades de desenvolvemento ou probas de concepto están por facer para poder pechar a comercialización? En que prazo se disporá de resultados que permitan pechar a comercialización (acordo de licenza, por exemplo)? É preciso contar co IP de terceiros para completar o desenvolvemento cara á comercialización?

- | | |
|---|--|
| <input type="checkbox"/> TRL 1: Investigación básica. | <input type="checkbox"/> TRL 6: Sistema/prototipo validado na contorna simulada. |
| <input type="checkbox"/> TRL 2: Formulación da tecnoloxía. | <input type="checkbox"/> TRL 7: Sistema/prototipo validado na contorna real. |
| <input type="checkbox"/> TRL 3: Investigación aplicada. Proba de concepto. | <input type="checkbox"/> TRL 8: Primeiro sistema/prototipo comercial. |
| <input type="checkbox"/> TRL 4: Desenvolvemento a pequena escala (laboratorio). | <input type="checkbox"/> TRL 9: Aplicación comercial. |
| <input type="checkbox"/> TRL 5: Desenvolvemento a escala real. | |

11. Protección

Indicación do mecanismo de protección utilizado. Está protexida a tecnoloxía que se pretende comercializar? En caso afirmativo, que mecanismo se empregou e en que etapa se atopa a tramitación da protección? Se non é o caso, estase a considerar unha estratexia de protección? Que actividades de difusión se realizaron?

12. Riscos de desenvolvemento

Riscos relacionados coa tecnoloxía: limitacións ao desenvolvemento e á maduración da tecnoloxía.

Riscos relacionados co equipo

O equipo que conta co coñecemento e know-how sobre a tecnoloxía segue traballando na área/departamento/grupo?

13. Mercado

Breve caracterización do mercado ao que se orienta a tecnoloxía. Como é o mercado ao que se orienta a tecnoloxía de acordo coa utilidade/aplicación definida anteriormente? Incluiranse datos que permitan ter unha idea da súa dimensión, da evolución futura e mais doutros aspectos que poidan afectar o proceso de transferencia.

14. Clientes

Descrición do perfil do comprador da tecnoloxía. Cales son os potenciais compradores desta tecnoloxía? Identifíqueos, preferiblemente, segundo o sector/tipo de actividade.

15. Fontes de información de interese para a análise

PROGRAMA
ignicia 
TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO

